

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2010

ASUNTO	Visita de 50 alumnos do IES do Castro de Vigo ao viveiro de empresas
ORGANIZA	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela
ASISTE	Rosa Cardeso <i>responsable do viveiro de empresas</i>
LUGAR	Viveiro de empresas <i>Polígono Costa Vella, 40, parcela nº 68 –Santiago–</i>
DATA	Mañá, mércores-21 de abril
HORA	11:30 horas

Un grupo de alumnos de secundaria de Vigo visitan mañá o viveiro de empresas da Cámara de Comercio compostelá

A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela organiza **mañá mércores-21 de abril** ás 11:30 horas, unha visita guiada ao viveiro de empresas do polígono de Costa Vella para un grupo de 50 alumnos de 3º e 4º de ESO do **IES do Castro de Vigo**. Nesta visita os estudantes coñecerán as instalacións e recibirán unha charla sobre o fomento do espírito emprendedor.

Os alumnos coñecerán de primeira man o funcionamento do viveiro de empresas, así como os servizos que, desde o Departamento de Creación de Empresas, se veñen prestando aos emprendedores e empresarios da demarcación cameral. Mesmo un emprendedor, da empresa *Atlantic Ponte* ubicada no viveiro, fará aos alumnos partícipes da súa experiencia e traxectoria empresarial.

Mediante esta iniciativa, a entidade busca contribuír ao desenvolvemento das cualidades persoais dos rapaces relacionadas co emprendemento (capacidade de asumir riscos e de afrontalos, de organización, responsabilidade, innovación, ilusión e constancia).